

5º Domingo de Pascua (B)

EVANXEO

+ Xoán 15, 1-8

Había un enfermo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta. María fora a que unxira ó Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos; o seu irmán Lázaro era o enfermo. Por iso, as irmás mandaron a dicirlle a Xesús:

-Señor, mira, o que amas está enfermo.

O oílo, dixo Xesús:

-Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.

Xesús quería moito a Marta, á irmá dela, e mais a Lázaro. Aínda que oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. Despois disto, díxolles ós discípulos:

-¡Vaíamos outra vez á Xudea!

Os discípulos respondéronlle:

-Mestre, aínda non hai nada que te querían apedrar os xudeus, ¿e vas ir outra vez alí?

Palabra de Deus.

HOMILIA

03/05/2015

NON DESVIÁRMONOS DE XESÚS

A imaxe é sinxela e de grande forza expresiva. Xesús é a «videverdadeira», chea de vida; os discípulos son «bacelos ou rebentos da vide» que viven da seiva que lles chega de Xesús; o Pai é o «viñador» que coida persoalmente a viña para que dea froito abundante. O único importante é que se vaia facendo realidade o seu proxecto dun mundo máis humano e feliz para todos.

A imaxe pon de relevo onde está o problema. Hai rebentos secos polos que non circula o zume de Xesús. Discípulos que non dan froitos porque non corre polas súas veas o Espírito do Resucitado. Comunidades cristiás que languidecen desconectadas da súa persoa.

Por iso se fai unha afirmación cargada de intensidade: «obacelo non pode dar froito se non permanece na vide»: a vida dos discípulos é estéril «se non permanecen» en Xesús. As súas palabras son categóricas: «Sen min non podedes facer nada». Non se nos está desvelando aquí a verdadeira raíz da crise do noso cristianismo, o factor interno que fende os seus cimentos como ningún outro?

A forma na que viven a súa relixión moitos cristiáns, sen unha unión vital con Xesús Cristo, non subsistirá por moito tempo: ficará reducida a «folklore» anacrónico que non aportará a ninguén a Boa Noticia do Evanxeo. A Igrexa non poderá levar a cabo a súa misión no mundo contemporáneo, se os que nos dicimos «cristiáns» non nos convertemos en discípulos de Xesús, animados polo seu espírito e a súa paixón por un mundo máis humano.

Ser cristián esixe hoxe unha experiencia vital de Xesús Cristo, un coñecemento interior da súa persoa e unha paixón polo seu proxecto, que non se requirían para ser practicante dentro dunha sociedade de cristiandade. Se non aprendemos a vivirmos con un contacto máis inmediato e apaixonado con Xesús, a decadencia do noso cristianismo pódese converter nunha enfermidade mortal.

Os cristiáns vivimos hoxe preocupados e distraídos por moitas cuestións. Non pode ser doutro xeito. Pero non habemos esquecer o esencial. Todos somos «bacelos». Só Xesús é «a verdadeira vide». O decisivo nestes momentos é «permanecemosnel»: aplicarmos toda a nosa atención ao Evanxeo; alimentar nos nosos grupos, redes, comunidades e parroquias o contacto vivo con el; non desviármolos do seu proxecto.

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

06/05/2012

CONTACTO PERSOAL

Segundo o relato evanxélico de Xoán, nas vésperas da súa morte, Xesús revela aos seus discípulos o seu desexo máis profundo: "Permanecedes en min". Coñece a súa covardía e mediocridade. En moitas ocasións recriminoules a súa pouca fe. Se non se manteñen vitalmente unidos a el non poderán subsistir.

As palabras de Xesús non poden ser mais claras e expresivas: "Como o bacelo non pode dar froito por si mesmo, se non permanece na videira, así tampouco vós se non permanecedes en min". Se non se manteñen firmes no que aprenderan e viviran cabo del, a súa vida será estéril. Se non viven do seu Espírito, o comezado por el hase extinguir.

Xesús emprega unha linguaxe rotunda: "Eu son a videira e vós os bacelos". nos discípulos ten de correr o zume que provén de Xesús. Non o han esquecer nunca. "O que permanece en min e eu e nel, ese dá froito abundante, porque sen min non podedes facer nada". Separados de Xesús, os seus discípulos non podemos nada.

Xesús non só lles pide que permanezan nel. Dilles tamén que "as súas palabras permanezan neles". Que non as esquezan. Que vivan do seu Evanxeo. Esa é a fonte da que teñen de beber. Xa llelo dixera noutra ocasión: "As palabras que vos dixeran son espírito e vida".

O Espírito do Resuscitado permanece hoxe vivo e operante na súa Igrexa de múltiples formas, pero a súa presenza invisíbel e calada adquire trazos visíbeis e voz concreta, grazas ao recordo gardado nos relatos evanxélicos por quen o coñeceron de perto e o

seguiron. Nos evanxeos pómonos en contacto coa súa mensaxe, o seu estilo de vida e o seu proxecto do reino de Deus.

Por iso, nos evanxeos agóchase a forza mais poderosa que posúen as comunidades cristiás para rexenerar a súa vida. A enerxía que necesitamos para recuperar a nosa identidade de seguidores de Xesús. O Evanxeo de Xesús é o instrumento pastoral mais importante para renovar hoxe á Igrexa.

Moitos cristiáns bos das nosas comunidades só coñecen os evanxeos "de segunda man". Todo o que saben de Xesús e da súa mensaxe provén que puideron reconstruír a partir das palabras dos predicadores e catequistas. Viven a súa fe sen ter un contacto persoal "coas palabras de Xesús".

É difícil imaxinar unha "nova evanxelización" sen facilitar ás persoas un contacto mais directo e inmediato cos evanxeos. Nada ten máis forza evanxelizadora do que a experiencia de escoitar xuntos o Evanxeo de Xesús desde as preguntas, os problemas, sufrimentos e esperanzas dos nosos tempos.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

10/05/2009

NON DESVIÁRMONOS DE XESÚS

(Véxase homilía 03/05/2015)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>